



# A cooperativa: unha empresa **10**

GUIA DE COOPERATIVISMO DA REDE EUSUMO



XUNTA  
DE GALICIA

Edita: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

© Xunta de Galicia.  
A cooperativa. Unha empresa 10

Última revisión 2023  
Máis información: <http://www.eusumo.gal/>

## Índice

◆ <b>Introdución</b>	4
◆ <b>Accións</b> da Rede Eusumo	5
◆ <b>Razóns</b> para emprender	6
◆ <b>Motivos extra</b> para apostar por crear unha cooperativa	7
◆ <b>Diferenzas</b> entre as cooperativas e outras fórmulas xurídicas	8
◆ <b>Valores</b> nos que se fundamentan as cooperativas	12
◆ <b>Características</b> que definen a cooperativa	13
◆ <b>Cuestións legais</b>	15
◆ <b>Pasos</b> para poñer en marcha unha cooperativa	17
◆ <b>Incentivos</b> e axudas públicas	19
◆ <b>Servizos de apoio</b> ás cooperativas	21

# Introdución



*“A Rede Eusumo leva a cabo accións de formación e acompañamento que facilitan o autoemprego e a creación de empresas de economía social”*

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia e promovida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, creada para o fomento do cooperativismo e a economía social. A Rede Eusumo está formada por distintas entidades que colaboran no obxectivo común de promover o cooperativismo e a mellora da súa xestión empresarial e societaria, con especial atención ao acompañamento da viabilidade empresarial de novos proxectos cooperativos, como mellor garantía de éxito na consecución dos obxectivos de creación de riqueza, emprego e benestar social.

A Rede Eusumo leva a cabo accións de formación e acompañamento que facilitan o autoemprego e a creación de empresas de economía social: cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego e asociacións.

# 10

## Accións da Rede Eusumo

### 1 Ofrece asesoramento personalizado

a persoas que queren emprender ou que xa constituíron a súa entidade de economía social, pero precisan axuda en materia de xestión empresarial, así como a entidades que queren impulsar novas liñas de negocio e xerar novos proxectos.

### 2 Organiza e celebra actividades formativas

sobre cooperativismo e economía social, no ámbito da xestión empresarial e societaria, así como en materia de márketing dixital, financiamento, contabilidade etc.

### 3 Ofrece un boletín semanal

coas novas sobre a economía social, como actividades formativas, información sobre os servizos que presta, axudas, subvencións ou información facilitada polas entidades socias.

### 4 Realiza documentación de interese

como infografías, manuais, folletos... sobre a economía social para a súa consulta por parte de cooperativas, persoas emprendedoras e público en xeral, así como informes semestrais das actividades que se levan a cabo desde a Rede Eusumo ou datos importantes sobre a economía social en Galicia.

### 5 Celebra encontros entre entidades de economía social

para mellorar a comercialización entre empresas cooperativas da zona, transfronteirizas e outras entidades de interese no sector, así como para facer un intercambio de boas prácticas entre cooperativas de éxito, coa promoción da participación de persoas emprendedoras.

### 6 Titoriza e promociona proxectos cooperativos

Encárgase da dinamización de persoas potencialmente emprendedoras a través das titorías para crear grupos de traballo que poidan poñer en marcha empresas cooperativas.

### 7 É a túa voz

A través de entrevistas a persoas socias de entidades de economía social, dá a coñecer casos de éxito para ensinar as persoas a emprender baixo a fórmula do cooperativismo.

### 8 Participa en feiras

para expoñer os diferentes produtos e servizos das entidades de economía social e facilitar os encontros cooperativos.

### 9 Achega a economía social ao público en xeral a través das redes sociais

como LinkedIn, Instagram, Facebook, YouTube e Twitter compartindo noticias, cursos e información de interese sobre a Rede, as entidades socias e o sector.

### 10 Participa na difusión do cooperativismo

ao alumnado de diferentes centros de Galicia co obxectivo de dar a coñecer os seus valores e xerar interese para participar nos premios á Cooperación e presentarse ao Certame do Cooperativismo no ensino.

# 10

## Razóns para emprender

- 1 Loitar polo teu soño**  
Leva a cabo esa idea que tes na cabeza e comproba as súas posibilidades para o futuro.
- 2 Ser a persoa que dirixe a túa propia vida**  
Serás ti quen decide sobre o proxecto, polo que a túa opinión conta, e moito. Serás libre de facer as túas escollas.
- 3 Motivarte día a día**  
Traballar no que realmente che gusta e apetece axudarache a erguerte cada día coa ilusión de loitar polo teu proxecto.
- 4 Demostrarlle ao mundo o que vales**  
Tes unhas habilidades, ideas e coñecementos que che fan unha persoa única. Dependerá de ti que as aproveites ou non.
- 5 Conseguir moita máis experiencia**  
Cando se dirixe un negocio, apréndese día a día dos erros e acertos cometidos. Mellorarás na túa capacidade para analizar situacións, así como na toma de decisións, entre outras moitas habilidades.
- 6 Obter novos ingresos e aforrar custos**  
Podes crear o teu propio posto de traballo ou ben atopar unha solución que che permita conseguir bens e servizos gastando menos. Desenvolver a túa propia iniciativa e traballar en equipo pode ser a mellor solución.
- 7 Compaxinar traballo, lecer e vida familiar**  
Se es ti quen decide sobre o teu propio proxecto, tamén tes a liberdade de buscar cal é a mellor forma de organizar os teus horarios e teletraballar cando o precises.
- 8 Intentar cobrar unha retribución digna**  
No teu negocio traballas para ti. Desta forma, es ti quen queda cos beneficios do teu esforzo.
- 9 Cotizar á Seguridade Social**  
A túa xubilación dependerá dos anos e cantidades que leves cotizado. Como persoa traballadora por conta propia poderás escoller cal é a túa base e categoría.
- 10 Axudar á mellora da túa contorna**  
Podes ofrecerlle o servizo ou produto que fai falta á túa contorna, así como intentar darlles traballo a outras persoas desempregadas da túa zona.

# 10

## Motivos extra para apostar por crear unha cooperativa

### 1 Aproveitar as fortalezas das outras persoas socias

Varias persoas traballando detrás dun negocio permitiravos ser, entre todas, máis fortes e contaxiarvos da motivación das demais.

### 2 Desenvolver un proxecto compartindo recursos

Moitas iniciativas precisan, para levalas a cabo, de diferentes habilidades, coñecementos e recursos que sería moi complicado que os tivese unha única persoa. Xuntándote coas persoas socias adecuadas poderedes chegar moito máis lonxe.

### 3 Fórmula válida para a túa idea de negocio

A fórmula cooperativa adáptase ás diferentes ideas empresariais: traballo asociado, agrarias, de servizos, de consumidores, de ensino, de explotación comunitaria da terra, de integración, do mar, de servizos sociais, de transportistas, de crédito, de seguros, sanitarias, de vivenda, e de explotación dos recursos acuícolas. A túa idea seguro que encaixa.

### 4 As persoas son máis importantes que o capital

Nas cooperativas valórase máis o esforzo que fai cada persoa socia no seu día a día que o diñeiro que poida achegar inicialmente.

### 5 Xestión democrática e participativa

Todas as persoas socias suman por igual, e poden achegar as súas ideas e suxestións. As decisións tómanse democraticamente: unha persoa, un voto.

### 6 Facilidade para a entrada e saída das persoas socias

Esta fórmula xurídica está pensada para adaptarse ás necesidades da empresa e favorecer a incorporación de novas persoas socias que veñan sumar no proxecto común, así como a saída das que decidan non continuar nel.

### 7 Facilita a toma de decisións en grupo

Os estatutos da sociedade recollerán, por lei, indicacións sobre como actuar na maioría das posibles situacións conflitivas. Desta forma, minimízase a improvisación e actúase sempre dunha forma homoxénea e coñecida previamente.

### 8 Cooperar e aprender doutras persoas semellantes a vós

Como todas as cooperativas teñen de fondo unha filosofía e forma de traballar semellante, é moi habitual que se establezan colaboracións entre elas.

### 9 Preocúpase pola súa contorna

Este tipo de empresas son proactivas e sensibles ao territorio no que se asentán. De feito, adoitan usar fondos para investir en iniciativas boas para a comunidade.

### 10 Mellorando día a día, por lei

Toda cooperativa que teña beneficios a final de ano está obrigada a reinvestir unha parte na formación das súas persoas socias para mellorar as súas capacidades e habilidades individuais e, por tanto, as do grupo.

	1ª diferenza	2ª diferenza	3ª diferenza
	N.º de socios/as necesarios	Capital que hai que achegar ao crear a empresa	Repartición de beneficios
<b>Sociedade cooperativa (S. Coop. Galega)</b>	2 ou máis	Mínimo de 3000,00 € (300,00 € se se trata dunha cooperativa xuvenil) nunha conta bancaria a nome da empresa. Ese capital pode empregarse para o funcionamento diario da empresa.	En función do esforzo ou actividade que faga cada persoa socia
<b>Sociedade limitada laboral (SLL)</b>	3 ou máis Inicialmente pode constituírse só con 2 persoas socias, sempre que ambas sexan traballadoras (posúan participacións de tipo laboral) e posúan o 50 % da sociedade cada unha	Mínimo de 3000,00 € (pode ser inferior en sociedades de formación sucesiva). Ese capital pode empregarse para o funcionamento diario da empresa.	O beneficio distribúese entre as persoas posuidoras das participacións (laborais e xerais), en proporción ao capital investido
<b>Sociedade anónima laboral (SAL)</b>	3 ou máis Inicialmente pode constituírse só con 2 persoas socias, sempre que ambas sexan traballadoras (posúan participacións de tipo laboral) e posúan o 50 % da sociedade cada unha	Compromiso de achegar 60 000,00 € (100 % subscrito e mínimo 25 % desembolsado). O capital social pode empregarse para o funcionamento diario da empresa.	En proporción á achega ao capital investido
<b>Empresario/a individual (autónomo)</b>	Só pode ser 1	Non hai ningún compromiso mínimo	Os beneficios son para a persoa traballadora por conta propia
<b>Comunidade de bens (CB) e sociedade civil (SC)</b>	2 ou máis	Non hai ningún compromiso mínimo	Repartición en conformidade co pactado. No caso de non existir pacto, será en función do achegado por cada persoa comuneira ou socia.
<b>Sociedade limitada (SL)</b>	1 ou máis	Mínimo de 1,00 € (mentres o capital social non alcance os 3000,00 € deberá destinarse polo menos un 20% do beneficio ata que a reserva xunto co capital social alcancen os 3000,00 €).	En proporción ao capital investido
<b>Sociedade anónima (SA)</b>	1 ou máis	Mínimo de 60 000,00 €, dos cales un 25 % debe estar nunha conta corrente a nome da empresa cando esta se constituía.	En proporción ao capital investido



	4ª diferenza	5ª diferenza	6ª diferenza
	Diñeiro que se pon en risco	Obrigas fiscais	Réxime Seguridade Social
<b>Sociedade cooperativa (S. Coop. Galega)</b>	Unicamente as achegas das persoas socias ao capital social	Tributan un 20 % dos beneficios no imposto de sociedades (nalgúns casos pode ser só o 10 %). Están exentas do imposto de transmisións e actos xurídicos documentados.	As persoas socias traballadoras poden escoller entre estar (todas elas) no réxime xeral de cotización ou no réxime de autónomos
<b>Sociedade limitada laboral (SLL)</b>	O que cada persoa socia achega ao capital social	Tributan un 25 % do beneficio no imposto de sociedades (IS). Isto é para as empresas que, pola súa cifra de negocio, teñan a consideración de pemes. Libre pagamento no 99 % do imposto sobre transmisións patrimoniais (ITP) e actos xurídicos documentados (AXD).	As persoas socias traballadoras en xeral estarán incluídas nun réxime de cotización de traballadores por conta allea. Estarán incluídas no RETA cando a súa participación no capital social, xunto coa do seu cónxuxe e familiares ata o segundo grao, acade o 50 %.
<b>Sociedade anónima laboral (SAL)</b>	O que cada persoa socia achega ao capital social	Tributan un 25 % dos beneficios no imposto de sociedades (para empresas que teñan rango de pemes). Libre pagamento no 99 % do imposto sobre transmisións patrimoniais (ITP) e actos xurídicos documentados (AXD).	As persoas socias traballadoras en xeral estarán incluídas nun réxime de cotización de traballadores por conta allea. Estarán incluídas no RETA cando a súa participación no capital social, xunto coa do seu cónxuxe e familiares ata o segundo grao, acade o 50 %.
<b>Empresario/a individual (autónomo)</b>	Pon en risco todo o patrimonio da persoa traballadora por conta propia	A persoa traballadora por conta propia tributa no IRPF en estimación obxectiva ou estimación directa simplificada. A taxa do imposto variará cada ano en función do volume de réditos dese período.	A persoa traballadora por conta propia estará no réxime de autónomos. Nalgúns casos poderá estar nun réxime especial.
<b>Comunidade de bens (CB) e sociedade civil (SC)</b>	Poñen en risco todo o patrimonio das persoas comeneiras e socias	Os/as empresarios/as tributarán no IRPF en estimación obxectiva, estimación directa simplificada ou estimación directa. A taxa do imposto variará cada ano en función dos réditos individuais de cada persoa socia.	A persoa traballadora por conta propia estará no réxime de autónomos. Nalgúns casos poderá estar nun réxime especial.
<b>Sociedade limitada (SL)</b>	Unicamente as achegas das persoas socias ao capital social	Tributan un 30 % dos beneficios no imposto de sociedades (se é unha peme paga só o 25 %, salvo excepcións)	Por norma xeral, as persoas socias traballadoras que teñan máis dun 33 % do capital estarán no réxime de autónomos, así como os seus familiares e as persoas administradoras.
<b>Sociedade anónima (SA)</b>	Unicamente as achegas das persoas socias ao capital social	Tributan un 30 % dos beneficios no imposto de sociedades (se é unha peme paga só o 25 %, salvo excepcións)	Por norma xeral, as persoas socias traballadoras que teñan máis dun 33 % do capital estarán no réxime de autónomos, así como os seus familiares e as persoas administradoras.

## Diferenzas entre as cooperativas e outras fórmulas xurídicas

	7ª diferenza Órganos de toma de decisións	8ª diferenza Dereito de voto	9ª diferenza Alta e baixa como persoa traballadora por conta propia
<b>Sociedade cooperativa (S. Coop. Galega)</b>	Asemblea xeral e consello reitor (as cooperativas con menos de 10 persoas socias poderán substituír este por unha persoa administradora única). Opcionalmente, poden contar con interventores/as.	Unha persoa, un voto	A constitución require escritura notarial (agás no caso de cooperativas xuvenís) e inscrición no Rexistro de Cooperativas. Unha vez creada a cooperativa, a entrada de novas persoas socias e a saída das actuais é moi sinxela. Non require ir ao notario para facer eses cambios.
<b>Sociedade limitada laboral (SLL)</b>	Os mesmos que nunha sociedade limitada (SL)	O voto é proporcional ao capital investido	A constitución require escritura notarial e inscrición no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Sociedades Laborais. A condición de persoa socia é transferible coa transmisión e compra das participacións do capital social. Teñen prioridade de adquisición destas as persoas traballadoras indefinidas
<b>Sociedade anónima laboral (SAL)</b>	Os mesmos que nunha sociedade anónima (SA)	O voto é proporcional ao capital investido	A constitución require escritura notarial e inscrición no Rexistro Mercantil. A condición de persoa socia é transferible coa transmisión e compra das accións do capital social. Teñen prioridade de adquisición as persoas traballadoras indefinidas.
<b>Empresario/a individual (autónomo)</b>	A propia persoa empresaria	A propia persoa empresaria	Moi sinxela tanto a alta como a baixa; pódese facer nuns minutos e non require notario.
<b>Comunidade de bens (CB) e sociedade civil (SC)</b>	Pode haber unha persoa administradora única, unha administración mancomunada ou unha administración solidaria	Segundo a posesión de intereses que constitúe o obxecto da sociedade	Créase en documento privado. Só se require escritura notarial se as achegas ao capital consisten en bens inmoables ou dereitos reais.
<b>Sociedade limitada (SL)</b>	Xunta xeral de persoas socias e unha administración que poderá ser: única, mancomunada, solidaria ou a través do consello de administración	O voto é proporcional ao capital investido	A constitución require escritura notarial e inscrición no Rexistro Mercantil. A entrada e saída das persoas socias é moi sinxela e non require ir ao notario.
<b>Sociedade anónima (SA)</b>	Xunta xeral de persoas socias e unha administración que poderá ser: única, mancomunada, solidaria ou a través do consello de administración	O voto é proporcional ao capital investido	A constitución require escritura notarial e inscrición no Rexistro Mercantil. A entrada e saída das persoas socias é moi sinxela e non require ir ao notario.

### 10ª diferenza

#### Outras vantaxes

<b>Sociedade cooperativa (S. Coop. Galega)</b>	É unha filosofía de traballo na que as persoas priman sobre o capital. Por iso contan con máis apoios por parte das administracións. Son entidades democráticas. A lei indica como deben ser os procedementos para a toma de decisións. Contan con liñas de axudas específicas. Deben dedicar unha parte dos beneficios á mellora das capacidades das persoas socias, así como ao soporte de posibles problemas financeiros futuros.
<b>Sociedade limitada laboral (SLL)</b>	A meirande parte das participacións no capital social ten que estar en mans das persoas socias traballadoras. Coa nova normativa simplifícanse os trámites. Contan con axudas específicas.
<b>Sociedade anónima laboral (SAL)</b>	O control da sociedade está en mans das persoas socias traballadoras. Contan con liñas de axudas específicas. Simplificación de trámites.
<b>Empresario/a individual (autónomo)</b>	É a fórmula máis rápida para darse de alta e de baixa. As obrigas contables tamén son as máis sinxelas.
<b>Comunidade de bens (CB) e sociedade civil (SC)</b>	É a fórmula con varias persoas socias máis rápida e cómoda de crear. Só se precisa de escritura pública no caso de achegar bens inmoables. As obrigas contables tamén son as máis sinxelas.
<b>Sociedade limitada (SL)</b>	Pode ser constituída por unha única persoa socia (SL unipersoal). Existe unha modalidade que se pode constituír en moi poucas horas denominada SL Nova Empresa.
<b>Sociedade anónima (SA)</b>	Permite a variación constante das persoas socias ou do capital que achegan á empresa, pero, a diferenza das cooperativas, cada persoa socia seguirá tendo o poder proporcional ao capital que achegou.



# 10

## Valores nos que se fundamentan as cooperativas

### 1 Axuda mutua

É a base da colaboración e da cooperación e o principio que nos ten permitido sobrevivir e avanzar como especie. Na cooperativa, a suma de esforzos, a colaboración e a axuda mutua concréntanse baixo a fórmula asociativa para acadar obxectivos comúns.

### 2 Persoas en igualdade

Na cooperativa, as persoas son iguais en dereitos e obrigas e participan nos distintos ámbitos en pé de igualdade. As persoas son, polo tanto, o eixe central da misión e o seu principal activo. Poden participar persoas físicas ou xurídicas.

### 3 Equidade

Vinculada ao senso de xustiza social, a equidade busca a promoción e a valoración das persoas sen importar as diferenzas culturais, sociais ou de xénero nin ningunha outra.

A persoa está no centro da toma de decisións, da xestión e do establecemento de obxectivos económicos, sociais e laborais.

### 4 Adhesión voluntaria e aberta

As cooperativas están abertas a todas as persoas que compartan a necesidade común e acepten a responsabilidade de ser unha persoa socia, sen discriminación social, política, relixiosa, étnica, de xénero nin ningunha outra. Conformen un proxecto conxunto que busca a satisfacción das necesidades comúns das persoas asociadas. A iniciativa para formar parte do proxecto é libre e voluntaria e tamén para darse de baixa.

### 5 Empresa con xestión democrática

A cooperativa é unha empresa que actúa no mercado, pero constitúe unha forma propia de facer empresa porque ten como obxectivo principal atender as necesidades comúns das persoas socias. Na asemblea xeral, formada por todas as persoas socias, cada unha participa ou vota independentemente do capital que teña depositado na cooperativa. Deste xeito, todas as persoas contan o mesmo no momento de tomar decisións.

### 6 Participación

A participación supón unha vantaxe para a competitividade da empresa a través da posibilidade de participar nas decisións que se van tomando, de facer achegas para o éxito do proxecto e de ter en conta as ideas e suxestións das demais persoas. Resulta moito máis enriquecedor e construtivo que noutro tipo de empresas. Por outra banda, a participación económica no capital das cooperativas ten un carácter instrumental, orientado a servir ao cumprimento do fin social, que é a satisfacción das necesidades comúns.

### 7 Autonomía e independencia

As cooperativas dependen exclusivamente das persoas socias, sen que outras institucións ou organizacións poidan influír nelas. O funcionamento autónomo e sen dependencias garántese pola achega conxunta de obxectivos e pola propiedade conxunta dos medios de produción.

### 8 Educación, formación e información

A cooperativa debe garantir formación e información ás persoas socias para potenciar o exercicio da responsabilidade compartida. A formación é o principal investimento nas persoas que conforman a cooperativa e a garantía do éxito do proxecto.

### 9 Cooperación entre cooperativas

Na relación entre cooperativas priman os principios de colaboración sobre os de competencia. Do mesmo xeito que as persoas se unen para crear unha cooperativa, as cooperativas poden unirse para asumir proxectos de maior envergadura ou para a defensa dos seus intereses comúns.

### 10 Interese pola comunidade

As cooperativas están ligadas ás súas comunidades e, na medida das súas posibilidades, contribúen ao seu desenvolvemento. Son empresas responsables socialmente e teñen esta responsabilidade non só coas persoas socias, senón tamén coa contorna na que se localizan e coa sociedade da que forman parte.

# 10

## Características que definen a cooperativa

### 1 Traballo de calidade

Segundo as directrices marcadas pola UE para definir o emprego de calidade, este debe supoñer unha aprendizaxe permanente, favorecer o desenvolvemento tanto persoal como profesional, igualitario entre homes e mulleres, flexible, seguro, san, participativo e non discriminatorio. As cooperativas, en especial as de traballo asociado, contribúen significativamente en todos estes aspectos e conseguen un traballo de calidade para as persoas socias, así como para as persoas asalariadas que traballan nelas.

### 2 Flexibilidade e adaptación

A flexibilidade e adaptación aos cambios, tanto na forma de traballar como na adaptación ao mercado, permítenlles ás cooperativas sortear as dificultades que se lles presentan e afrontar os retos dunha contorna en continua evolución. Polivalencia, mobilidade funcional e formación continua representan as grandes vantaxes fronte aos cambios.

### 3 Organización empresarial

Como empresas, buscan a viabilidade económica e a eficiencia na xestión. Para conseguilo, contan cos recursos humanos e materiais que permiten conciliar os fins sociais e económicos.

### 4 Dobre condición de persoa traballadora e propietaria

No caso das cooperativas de traballo asociado, as persoas desenvolven un dobre papel: o de traballadoras pero tamén o de propietarias/empresarias. Isto permite valorar e identificarse plenamente cos dous roles; asumir a iniciativa empresarial

necesaria para levar adiante os proxectos e, ao mesmo tempo, buscar as mellores condicións laborais e de traballo para as persoas socias e o persoal asalariado.

### 5 Repartición de beneficios e asunción de perdas en función da achega de actividade cooperatizada

Nas cooperativas, pártese do principio de que son as persoas coa súa actividade, e non os capitais, as que xeran os beneficios ou as perdas. Como consecuencia, as reparticións e as imputacións fanse en función da contribución de cadaquén ao proxecto. Isto vai permitir unha distribución equitativa, tanto das ganancias como das perdas.

### 6 A dotación de fondos de reserva

As cooperativas, a través da retención dunha parte dos seus excedentes, garanten uns recursos que servirán tanto para financiar a propia actividade e os investimentos que se requiran como para compensar perdas que poidan darse nun futuro.

### 7 Desenvolvemento persoal

A necesidade de colaboración, a posta en común das ideas, o traballo en grupo e as estratexias para a resolución de conflitos mediante posicións nas que todos gañan contribúen diariamente ao desenvolvemento persoal das persoas que forman parte dos proxectos cooperativos. As habilidades sociais e persoais para a escoita activa, a comunicación e a asertividade resultan de vital importancia.

### 8 Facilidade para o desenvolvemento das capacidades profesionais

As persoas socias das cooperativas asumen un proxecto vital. Se a cooperativa funciona pode converterse nun posto de traballo fixo para toda a súa vida.

A cooperativa facilita e promove o desenvolvemento das plenas capacidades, tanto profesionais como humanas, das persoas socias. Para iso destínanse fondos específicos para formación e promoción.

## 9 Conciliación da vida laboral e persoal

Grazas a ser unha empresa participativa e autoxestionada, o emprego cooperativo facilita e permite establecer fórmulas de organización laboral baseadas na flexibilidade e adaptabilidade, para que as persoas traballadoras (persoas socias e non socias) poidan conciliar a súa vida laboral coas necesidades de carácter persoal. Esta conciliación sempre se dará dentro da igualdade de dereitos, de responsabilidades e de oportunidades para homes e mulleres.

## 10 Distintas clases de cooperativas para distintos tipos de necesidades

Existe un amplo abano de cooperativas que permiten resolver as distintas necesidades das persoas: traballo, vivenda, servizos, consumo...

Cada tipo de cooperativa permítelles ás persoas asociarse para tratar de obter, do mellor xeito, os seus obxectivos. Os retos dos novos tempos afróntanse mellor a través da cooperación.



# 10

## Cuestións legais

*“As cooperativas contan cunha regulación específica que contribúe a garantir os dereitos e deberes das persoas socias”*

### 1 As cooperativas teñen a súa propia normativa

Concretamente, a Lei 5/1998, de cooperativas de Galicia, réxime fiscal e contable de cooperativas a través da Lei 20/1990 e a Orde EHA/3360/2010, do 21 de decembro.

### 2 Regulación propia: estatutos e regulamento de réxime interno

Dentro do marco legal, as cooperativas contan cunha regulación específica que contribúe a garantir os dereitos e deberes das persoas socias a través dos estatutos e o réxime de regulamento interno.

Neles establécense diferentes pautas para regular a entrada e saída de persoas socias, participación, achegas, funcións etc.

### 3 Personalidade xurídica

As cooperativas teñen personalidade xurídica distinta das persoas socias que a conforman. Isto implica a constitución en escritura pública e a inscrición no Rexistro de Cooperativas de Galicia, dependente da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

### 4 Responsabilidade limitada

As persoas socias só responden das débedas sociais co capital achegado.

### 5 Número mínimo de persoas socias

Para as cooperativas de primeiro grao será de dúas. As de segundo grao deberán estar formadas por un mínimo de dúas sociedades cooperativas.

### 6 Existencia de persoas socias con diferentes dereitos e obrigas

Persoas socias, persoas socias traballadoras, persoas socias colaboradoras, persoas socias a proba, persoas socias en excedencia e persoas socias de traballo.

### 7 Organización social

As cooperativas teñen na asemblea xeral o máximo órgano de toma de decisións, pero existen outros órganos de administración e control que garanten o cumprimento dos obxectivos sociais.

### 8 Participación na actividade da cooperativa

Entre os deberes das persoas socias atópase a obriga de participar na actividade cooperativizada nos termos e condicións que estableza a asemblea xeral.

### 9 Fondos de reserva

Existe a obriga de usar fondos de reserva para garantir o mantemento da cooperativa e a súa permanencia, co obxectivo de evitar unha posible descapitalización, así como fondos destinados a formación.



## 10 As cooperativas xuvenís

Unha especialidade das cooperativas de traballo asociado e asimiladas son as cooperativas xuvenís. Estas cooperativas están constituídas maioritariamente por persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre 16 e 29 anos, agás no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % no que a idade máxima será de 35 anos.

Contan con importantes vantaxes para a súa constitución (redúcese o capital social mínimo a 300,00 € e non se require outorgamento de escritura pública) e, transcorrido o prazo marcado nos estatutos, que non será superior aos cinco anos, deben transformarse en cooperativa ordinaria ou disolverse.



## *Unha cooperativa é outra forma de facer* **Empresa onde priman as persoas**

As cooperativas nacen na tradición dos principios filosóficos e sociais comentados, como a axuda mutua, a responsabilidade compartida, a democracia, a igualdade, a equidade ou a solidariedade, entre outros. Son principios de funcionamento que identifican e caracterizan o proxecto cooperativo e o diferencian do resto de sociedades.

A cooperativa é, polo tanto, unha asociación autónoma de persoas unidas voluntariamente para resolver necesidades comúns mediante unha empresa de propiedade conxunta e de xestión democrática.

Esta definición é global, forma parte da 'Declaración sobre a Identidade Cooperativa' adoptada pola Alianza Cooperativa Internacional en 1995 e, por tanto, guía as lexislacións de todos os países.



# 10

## Pasos para poñer en marcha unha cooperativa

### 1 Contar cunha idea viable e compartida

A idea é o punto de partida de calquera proxecto empresarial. Soamente as boas ideas se converten en accións.

O plan de empresa é unha ferramenta imprescindible para prever todos os elementos económicos, de mercado e organizativos que é necesario desenvolver para que a cooperativa cumpra o seu fin social: a satisfacción das necesidades das persoas socias. É moi recomendable que o grupo promotor busque apoio e acompañamento de persoas e entidades coñecedoras do mundo cooperativo para desenvolver este traballo de planificación, que vai ser a base para o éxito da iniciativa. A Rede Eusumo ofrece o seu apoio nesta fase de planificación previa á constitución das cooperativas.

### 2 Contar cun grupo promotor comprometido

O grupo debe contar coa iniciativa, motivación e compromiso suficiente para levar adiante a súa idea.

As persoas, como xa indicamos, son o núcleo e o punto de partida do proxecto cooperativo. Non hai cooperativa sen persoas socias comprometidas e cun perfil de colaboración e axuda mutua para facerlle fronte ás dificultades e aos retos que haberá que asumir. Nesta andaina será importante contar con persoas socias afeitas ao traballo en equipo, capaces de escoitar e facer propostas, responsables, flexibles... As persoas están peor soas que ben acompañadas.

Unha vez valorada positivamente a viabilidade do proxecto, os trámites de constitución son:

### 3 Certificación negativa do nome

Decidido o nome da futura sociedade cooperativa tramitárase a solicitude de certificación negativa do nome, dirixida ao Rexistro de Cooperativas do Ministerio de Traballo e Economía Social.

### 4 Celebración da asemblea constituínte

Estará formada polas persoas que promoven a cooperativa e que deben deliberar e chegar a un acordo sobre os seguintes temas:

- Nomeamento da persoa ou persoas que asuman a responsabilidade xestora (facer todas as tramitacións e xestións oportunas para constituír a cooperativa).
- Clase de sociedade cooperativa que se pretende constituír e o seu nome.
- Aprobación do proxecto de estatutos sociais da sociedade cooperativa.
- Nomeamento das persoas que, unha vez inscrita a cooperativa, van formar parte dos seus órganos sociais.
- Nomeamento das persoas que outorgarán a escritura de constitución.
- A forma e os prazos nos que se desembolsarán as achegas ao capital social.
- Aprobación das achegas que non son en diñeiro, se as houber.

Os acordos anteriores recolleranse nunha acta que deberá estar certificada por quen desempeñe a secretaría co visto e prace de quen desempeñe a presidencia da asemblea.

### 5 Cualificación previa (opcional)

Se se quere, pódese solicitar a cualificación previa do proxecto de estatutos ao Rexistro de Cooperativas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

## 6 Escritura ante notario

Procederase a outorgar ante notario a correspondente escritura pública de constitución.

No caso das cooperativas xuvenís, a escritura pódese substituír por un documento privado.

## 7 Liquidación do imposto de transmisións patrimoniais

Saldarase a cero por estar exenta do seu pagamento na oficina liquidadora.

## 8 Solicitud de CIF e alta no IAE

Tamén se deberá solicitar o NIF na Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), que será necesario para que a sociedade cooperativa poida realizar calquera tipo de actividade, así como a alta na epígrafe IAE segundo a actividade.

## 9 Inscripción no Rexistro de Cooperativas

No prazo máximo de dous meses desde que estea outorgada a escritura pública de constitución, hai que solicitar a súa inscrición no rexistro de cooperativas correspondente.

## 10 Altas, licenzas, permisos

Realizar a tramitación das altas na Seguridade Social da cooperativa e das persoas socias traballadoras, así como a apertura do centro de traballo. Tamén solicitar as oportunas licenzas municipais e outros permisos necesarios para o desenvolvemento da actividade

*Existen dous niveis que cómpre atender na posta en marcha dunha cooperativa:*

- 1. A avaliación da viabilidade do proxecto, a través da realización dun plan de empresa.*
- 2. Os trámites administrativos para constituírse como cooperativa.*

### 1 De fomento do emprego

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade convoca anualmente axudas e subvencións co obxecto de contribuír á creación ou mantemento de postos de traballo en cooperativas. O programa de fomento do emprego está dirixido a cooperativas e sociedades laborais que incorporen persoas socias traballadoras ou de traballo.

### 2 De fomento do acceso á condición de persoa socia traballadora

Estas axudas están dirixidas a fomentar o acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo, mediante a concesión de axudas económicas destinadas a financiar a achega ao capital social que deba desembolsarse.

### 3 De impulso a proxectos empresarias cooperativas

Estas axudas teñen por obxecto fomentar a constitución de novas cooperativas ou sociedades laborais e mellorar a súa competitividade, a través de subvencións parciais para os gastos de constitución, posta en marcha de novas liñas de negocio ou desenvolvemento de proxectos de cooperación con outras empresas, por exemplo.

### 4 De transformación en cooperativas e sociedades laborais

O obxectivo destas axudas é apoiar á transformación en cooperativas ou sociedades laborais dos negocios sen relevo xeracional, de todo tipo de sociedades e das persoas traballadoras autónomas, que xa estiveran a exercer unha actividade económica.

### 5 De apoio á consolidación de entidades de economía social

A finalidade destas axudas é apoiar a consolidación das entidades da economía social e reforzar a súa presenza no tecido económico de Galicia co fin de incrementar a súa competitividade e manter empregos de calidade

### 6 Capitalización da prestación por desemprego

Outra medida de apoio ao fomento do emprego consiste na posibilidade de que as persoas desempregadas perceptoras da prestación contributiva por desemprego perciban dunha soa vez o importe total do valor da prestación, sempre que se incorporen a unha cooperativa de traballo asociado e coa finalidade de destinar a cantidade percibida ao capital da cooperativa.

## 7 Bonificacións fiscais

As cooperativas contan con importantes bonificacións fiscais entre as que destaca a redución de tipo e cota no imposto de sociedades que, en función do tipo de cooperativa e de se ten a consideración de especialmente protexida, pode chegar a un tipo efectivo sensiblemente inferior, de aproximadamente un terzo, ao que soe pagar o resto de sociedades mercantís.

## 8 Opción de elixir réxime da seguridade social

A cooperativa de traballo asociado é hoxe por hoxe a única empresa que ten a opción de elixir o réxime da seguridade social na que cotizarán as persoas socias, podendo elixir entre o réxime xeral de cotización ou o réxime especial de autónomos. Esta opción deberá ser a mesma para todas as persoas socias e deberá manterse durante cinco anos.

## 9 Programas de apoio diversos: formación, asesoramento e acompañamento

Desde a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade convócanse programas específicos e gratuítos en actividades formativas, de divulgación, para o apoio en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación. A través das entidades representativas do cooperativismo lévanse a cabo programas e actividades de apoio, formativas e de acompañamento para as cooperativas asociadas e novos grupos promotores de cooperativas. Así mesmo, a Rede Eusumo e as súas entidades socias permiten sumar esforzos e impulsar territorialmente a promoción cooperativa. Nela ofrécense, con carácter gratuítos, actividades de asesoramento, formación, acompañamento e posta en marcha.

## 10 De actividades específicas e de carácter xeral

As sociedades cooperativas, en razón da actividade que realizan, poden ter acceso a outro tipo de beneficios ou subvencións específicas, incluso orientadas especificamente a este tipo de entidades, en xeral, compatibles cos programas de axudas antes citados.



# 10

## Servizos de apoio ás cooperativas

### Rede Eusumo

**1** **Rede Eusumo**  
info@eusumo.gal  
www.eusumo.gal

**Xunta de Galicia**  
**Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**  
emprego.ceei.xunta.gal

**2** **Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social**  
Edificio Administrativo San Lázaro  
15781 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 541 675  
registrocooperativas@xunta.gal

## Xefaturas Territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

### Rexistros Provinciais de Cooperativas

**3** **A Coruña**  
Rúa Gregorio Hernández, números 2-4, 2º andar  
15011 A Coruña  
Teléfonos: 981 185 890 / 981 185 889  
registrocooperativas.acoruna@xunta.gal

**4** **Lugo**  
Ronda da Muralla, 70  
27071 Lugo  
Tfno.: 982 294 290/ 982 294 288  
registrocooperativas.lugo@xunta.gal

**5** **Ourense**  
Avda. de la Habana 79-7º  
32004 Ourense  
Tfno.: 988 386 389  
registrocooperativas.ourense@xunta.gal

**6** **Pontevedra**  
Concepción Arenal 8-2º  
36201 Vigo  
Tfno: 986 817 363 / 986 817 005 / 986 817 686  
registrocooperativas.pontevedra@xunta.gal

## 7 Consello Galego de Cooperativas

Edif. Admin. San Lázaro, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Tfno.: 881 999 268  
[cooperativasdeg Galicia.xunta.gal](http://cooperativasdeg Galicia.xunta.gal)

## 8 Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela  
Tfno.: 900 815 151  
[www.igape.es](http://www.igape.es)

## 9 Axencia Galega de Innovación (GAIN)

Rúa de Airas Nunes, 15702 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 54 39 97  
[gain@xunta.es](mailto:gain@xunta.es)  
[gain.xunta.gal](http://gain.xunta.gal)

## 10 XesGalicia

Rúa Ourense, 6, 15701 Santiago de Compostela  
Tfno: 981 541 621  
[xesgalicia@xesgalicia.org](mailto:xesgalicia@xesgalicia.org)

# A cooperativa: unha empresa

GUIA DE COOPERATIVISMO DA REDE EUSUMO

# 10

## Contacta coa Rede Eusumo

[info@eusumo.gal](mailto:info@eusumo.gal)



[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



eusumo  
Cooperativismo e Economía Social